



Bergondo

CPI CRUZ DO SAR

Memoria

Departamento de Educación Física

Curso **23-24**

Xefe/a de departamento:	Asignaturas
<i>Juan Luis Allegue Iglesias</i>	ESO Educación Física
Membros do departamento	Asignaturas
Enrique Vázquez Suárez	ESO Educación Física
Manuel Baroso Vaamonde	Educación Física / EP
Xosé Antonio Iglesias Calviño	Educación Física / EP

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

A porcentaxe de cumprimento da programación por cursos foi a seguinte:

1º ESO: 8 unidades de 8: 100%

2º ESO: 7 unidades de 10: 70%

3º ESO: 8 unidades de 8: 100%

4º ESO: 6 unidades de 8: 75%

A porcentaxe de programación impartida foi durante o curso 2023-2024 do 85%.

Nos cursos que quedou sen impartir algunha unidade foi a causa de falta de tempo por saídas e actividades ou días festivos, preparación de actividades ou festivais e tamén por unha planificación algo optimista en 2º de ESO.

O grado de cumprimento dos obxectivos foi satisfactorio.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

1ª AVALIACIÓN

En 1º de ESO cumpriuse a programación nun 100% sobre as unidades previstas na primeira avaliación. (3 de 3 en 1º de ESO).

En 2º de ESO cumpriuse a programación nun 100% impartíndose 2 das 2 unidades previstas na programación.

En 3º de ESO cumpriuse a programación o 100% impartíndose dúas unidades didácticas.

En 4º de ESO cumpriuse a programación nun 100%, impartíndose as dúas unidades didácticas previstas.

2ª AVALIACIÓN:

En 1º de ESO impartíronse as dúas unidades previstas na 2ª avaliación. A porcentaxe de programación impartida foi do 100%.

En 2º de ESO impartíronse tres das tres unidades previstas na segunda avaliación. Impartíronse as unidades de Atletismo I, Fútbol - sala e Xogos populares e alternativos 2

(sustituíndo á UD de Floorball). A porcentaxe de programación impartida foi do 100%.

En 3º de ESO impartíronse tres das tres unidades previstas na segunda avaliación. Impartíronse as unidades didácticas de Voleibol, Acrosport e Xogos populares e alternativos 3. A porcentaxe de programación impartida foi do 100%.

En 4º de ESO impartíronse dúas das tres unidades previstas: Actividades de raqueta 2 e O Ritmo. Quedou sen impartir a unidade de Xogos populares e alternativos. A porcentaxe de programación impartida foi do 67%.

3ª AVALIACIÓN

Nesta terceira avaliación cumpriuse a programación nos cursos de ESO nas seguintes porcentaxes.

En 1º de ESO cumpriuse a programación nun 100 % impartíndose as tres das tres unidades previstas.

En 2º de ESO déronse 2 das 5 UD previstas quedando sen impartir a unidade 8: Deportes de loita, a unidade 9: Expresión corporal 2 e a unidade 10: Actividades na natureza 2 (cunha porcentaxe do 40%.

En 3º de ESO 3 das 3 previstas cunha porcentaxe de programación impartida do 100%.

En 4º de ESO impartíronse 2 de 3 unidades (quedou sen impartir a unidade 8: Actividades na natureza: a escalada) cunha porcentaxe de programación impartida do 67%. Realizouse a UD 5. Xogos populares e alternativos en lugar da UD 7. Bailes de salón. Aerobic

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

PROGRAMACIÓNS:

Durante o curso producíronse algúns cambios mínimos na programación que non afectaron en ningunha medida á consecución dos obxectivos.

Básicamente en 2º de ESO cambiamos a orde das UD 7 e 5. Impartimos a UD 7. Xogos populares e alternativos 2 na segunda avaliación e a UD 5. O Floorball na terceira avaliación. O motivo foi que nos dera tempo a acabar a unidade antes da avaliación.

Na 3ª avaliación en 2º de ESO quedaron sen impartir a UD 8: Deportes de loita, a UD 9: Expresión Corporal 2 e a UD 10: Actividades na natureza 2. Os motivos foron un exceso de optimismo á hora de plantexar a programación anual e a perda de días lectivos por festivos, actividades do centro ou saídas extraescolares. De todos xeitos se nos basamos unicamente no número de sesións comprobamos que as sesións non impartidas son menos desa porcentaxe.

D) Analise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

	Primeiro		Segundo	
	Curso 23-24	Curso 22-23	Curso 23-24	Curso 22-23
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	0	0	0
2	0	0	0	0
3	0	1	1	2
4	1	3	0	3
Suspensos	0	4	1	5
5	0	5	3	1
6	4	7	9	11
7	12	7	6	18
8	15	9	16	10
9	14	6	4	5
10	0	2	1	0
Aprobados	45	36	40	45

	Terceiro		Cuarto	
	Curso 23-24	Curso 22-23	Curso 23-24	Curso 22-23
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	0	0	0
2	0	0	0	0
3	0	0	0	0
4	0	1	0	0
Suspensos	0	0	0	0
5	0	0	0	2
6	4	5	1	7
7	22	12	19	13
8	11	12	8	10
9	9	7	5	2
10	0	2	1	0
Aprobados	46	38	34	34

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

Para o vindeiro curso 24-25 o profesor de EF seguirá no posto de xefatura de estudos polo que impartirán a materia dous profesores, probablemente un deles en 1º e 2º de ESO e outro en 3º e 4º de ESO para non separar dous cursos do mesmo nivel como se fixo este curso.

Lembrar que no curso 25-26 poderemos recuperar a hora de libre configuración de centro de Educación Física nos cursos de 1º ou 2º de ESO, según se acordou no noso centro coas materias de libre disposición de 1º. Nesta hora traballaremos a condición física do noso alumnado

Outros cambios na programación didáctica irán encamiñados a recuperar totalmente a normalidade cun abano o suficientemente amplo de contidos e actividades para que o alumnado teña unha visión xeral e global das actividades que se enmarcan dentro da Educación Física. O vindeiro curso contaremos, por fin, coa nova pista exterior de atletismo que inauguraron o 29 de xuño do 2024.

Asemade agardamos poder seguir realizando totalmente as actividades complementarias e extraescolares do noso departamento, este curso, por fin, conseguimos realizar a maioría das salidas. O curso que ven intentaremos recuperar as charlas teórico-prácticas de clubs do entorno.

F) Avaliación da práctica docente.

No departamento de Educación Física intentamos pasar todos os anos ao alumnado unha enquisa para avaliar a nosa práctica, en toda a ESO. Cremos que isto nos permite unha visión allea da nosa labor que nos pode axudar a mellorar a nosa práctica.

Os ítems que se miden son os seguintes:

1. Cumprimento do horario.
2. Mantemento da orde na clase.
3. Motivación e interese polos alumnos e a materia.
4. Clima de traballo na aula.
5. Libros, materiais e medios didácticos.
6. Claridade de exposición.
7. Organización e ritmo de traballo.
8. Capacidade para transmitir coñecementos.
9. Sistema de avaliación.
10. Formación e actualización na materia impartida.

RESULTADOS ENQUISA 23-24

RESULTADOS ENQUISA PROFESORADO EDUCACIÓN FÍSICA / CURSO 23-24									
	1º ESO A	1º ESO B	2º ESO A	2º ESO B	3º ESO A	3º ESO B	4º ESO A	4º ESO B	TOTAL
1. Cumprimento do horario				8,95	7,45	9,00	7,13	4,00	7,31
2. Mantemento da orde na clase				7,89	6,27	7,56	8,88	6,93	7,51
3. Motivación e interese polo alumnado e a materia				6,32	6,59	8,00	8,94	6,73	7,32
4. Clima de traballo na aula				7,26	7,09	7,00	8,50	8,20	7,61
5. Libros, materiais, medios didácticos				8,68	8,50	7,83	8,00	7,13	8,03
6. Claridade de exposición				8,05	7,00	6,94	8,38	6,60	7,39
7. Organización e ritmo de traballo				7,47	6,81	7,06	8,63	6,80	7,35
8. Capacidade de transmitir coñecementos				8,11	7,91	7,72	8,44	7,13	7,86
9. Sistema de avaliación				7,32	6,45	7,39	9,13	7,13	7,48
10. Formación e actualización na materia impartida				7,58	7,23	7,67	8,69	6,40	7,51
PUNTUACIÓN MEDIA TOTAL				7,76	7,13	7,62	8,47	6,71	7,54

Este curso só se pasou a enquisa de avaliación da práctica docente ao alumnado de 2º ESO B, 3º e 4º de ESO.

A pregunta mellor valorada polo alumnado é a número 5: Libros, materiais e medios didácticos cunha puntuación de 8,03, a segunda mellor valorada é a pregunta 8. Capacidade de transmitir coñecementos cunha puntuación de 7,86 e a terceira mellor valorada a pregunta número 4: Clima de traballo na aula cunha puntuación de 7,61.

A pregunta peor valorada polo alumnado é a número.1: Cumprimento do horario cunha puntuación media de 7,31, a segunda menos valorada é a número 2: Motivación e interese polo alumnado e a materia cunha puntuación de 7,32 e a terceira menos valorada é a pregunta número 7: Organización e ritmo de traballo cunha puntuación media de 7,35.

Todos os valores medios de todas as preguntas móvense nun abano entre 7,31 e 8,03.

Por cursos a mellor valoración foi o curso de 4º ESO A cun 8,47 e a peor valoración a do alunado de 4º ESO B cunha puntuación de 6,71; nete caso a diferenza entre os dous case alcanza os dous puntos. Resulta curioso que o curso pasado a mellor e peor valoración foron tamén os mesmos cursos

Analizaremos pormenorizadamente estes datos porque das catro preguntas menos valoradas dúas son de capital importancia para mín.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

1. MATERIAL DE LECER:

Este curso procedeu a colocar material de préstamo ao alumnado para xogar nos períodos de lecer a día 02 de outubro. O material quedará nun baúl na entrada do edificio de Secundaria e noutro na entrada do edificio de 5º e 6º de EP. O alumnado é coñecedor da normativa arredor deste material e dos espazos que poden utilizar. Cada grupo asinou individualmente estas normas comprometéndose a cumprilas. Este curso procedimos, coma os cursos pasados, a colocar tamén dende o departamento de EF nas aulas taboleiros de parchís e xadrez para que o alumnado poida xogar durante gardas ou períodos sen clase.

Con altos e baixos ao longo do curso foise mantendo o préstamo de material ata o final do curso. A finais de xuño procedeu a recoller o material de xogo nos baus de fóra e os taboleiros de xadrez e parchís e xogos repartidos nas clases. En setembro o profesorado de EF tanto de primaria como de secundaria teremos que valorar as posibilidades que hai do préstamo de material

2. MAGOSTO E DÍA DO PEÓN

O sábado día 11 de novembro celebrouse o DÍA DO PEÓN. Este curso non celebramos no CPI Cruz do o DÍA DO PEÓN por diversos motivos relacionados coa falta de tempo e o mal tempo atmosférico.

O día 31 de outubro despois do segundo recreo tivemos a celebración do Magosto onde poidemos disfrutar da degustación das tradicionais castañas.

3. SEMANA BRANCA:

Un total de 94 personas de 6º de EP e de ESO asistiron a esta actividade que tivo lugar entre os días 07 e 11 de xaneiro (esquiando os días 08, 09, 10 e 11) na estación de Astún (Jaca, provincia de Huesca). O prezo por persona foi de 480 euros. En principio a actividade estaba prevista para o mes de decembro pero debido á falta de neve tivemos que cambiar as datas.

Finalmente e en dúas etapas conseguimos volver a Bergondo sans e salvos. O 12 de xaneiro as 94 personas do CPI Cruz do Sar, nun bus ás 09:30 e noutro ás 16:30, voltamos da nosa viaxe a Jaca. Qué odisea!!!

En fin, o máis importante é que non houbo lesionados de gravidade, o resto son simples anécdotas que lembraremos con risas nos vindeiros anos. Agardamos que o alumnado disfrutara da experiencia e da intensidade coa que se viven os días na neve.

Agás o mércores que nevou case todo o día tivemos uns días perfectos para o esquí. O luns e martes con moito frío pero o xoves foi un día espectacular. Agradecer a todo o alumnado a súa presenza, o seu comportamento e a súa axuda e colaboración. Este ano, salvo algún caso aislado, foi un pracer estar esta semana na súa compañía.

Tivemos algunha visita á clínica pero agardamos que se recuperen axiña os poucos lesionados que houbo. Grazas a todo o alumnado e ao profesorado acompañante por prestarnos o seu tempo: Eva, Lolo, Kike, Fernando e por suposto a Xosé Antonio. Sen todos

eles esta actividade non sería posible.

MEMORIA SEMANA NEVE

ALUGUER MATERIAL (ASTÚN)

BEN EN LIÑAS XERAIS. Algo de desorganización no aluguer, material en bo estado.

Devolución rapidísima (entregamos separados esquís, bastóns, botas e cascos). Non pasaron códigos.

ESTACIÓN:

Ben. Boa neve recién caída. mágoa non ter funcionando máis pistas e remontes porque había bastante neve.

XAULAS: As xaulas son unha comodidade pero teñen o problema de sacar o material, Este ano non as utilizamos. No bus cadaquén pode coller as súas botas e ao levar dous buses é máis doado sacar os esquís se cada bus se organiza por separado.

En cada xaula de Astún caben aproximadamente 35- 45 botas nas xaulas grandes. Este ano nos deron unha xaula no párking -2.

MONITORES / ESCOLA ESQUÍ

MAL: Tivemos clases de 12 a 14 h porque cambiamos a data de decembro. O luns non tiñan nin o número de alumnos. Tardaron en organizar os grupos case 45'. Despois houbo días que os monitores chegaron tarde e outros días nos que os deixaron dez minutos antes da hora. Non tiñan diplomas porque según eles agora hai que solicitalos con antelación o día da chegada. SOLICITAR DIPLOMAS O DÍA DE CHEGADA.

CLÍNICA: Ben. Tivemos tres visitas á clínica.

COMIDA PISTAS

Ben, masificado, tivemos o horario de comida ás 14:15. Preferentemente horario de clases de 10 a 12 e comida sobre as 13:30.

HOTEL

Hotel Oroel. O mellor con diferenza, ben as habitacións e servizos.

CONDUCTORES

Moi ben. Este ano estiveron con nós Víctor e Kiko. O martes averiou un autobús na estación; o outro bus fixo dúas viaxes e o mecánico solucionouno sobre as 12 da noite.

Á volta tivemos outra avería no outro bus. Contrataron outro autobús para acercarnos a Vitoria e que poideramos ir ceando. O bus foi reparado pero a 20 Km de onde estabamos volveu a averíar a mesma peza, non daban atopado bus polo que enchimos un bus cos máis pequenos e continuou viaxe, mentres os maiores quedamos no hotel Ruta de Europa en Vitoria e continuamos a viaxe pola mañá con outro bus mandado dende Galicia

LESIONADOS

Este ano tivemos un total de 03 visitas á clínica: unha contusión no xeonllo, unha contusión costal e un leve esguince de ligamento do xeonllo.

TOTAL: 03 lesionados (3% do total de 88)

4. TORNEO DE XADREZ:

O mércores 20 de marzo celebramos no CPI Cruz do Sar o III Torneo de Xadrez. Houbo un total de 96 participantes dos diferentes cursos da ESO e de 5º e 6º de Educación Primaria. O noso torneo vai medrando e incorporando novos participantes.

Felicitar a tod@s, en especial aos de 1º da ESO e 5º e 6º de EP que era a primeira vez que participaban no torneo. Agradecer a todos a participación, o comportamento e tamén a inapreciable axuda na colocación e na recollida de todo o material: taboleiros, mesas e sillas. En canto aos resultados hai unha clasificación e uns están máis arriba e outros máis abaixo. Para mín todos son gañadores pola experiencia de xogar un "torneo case real" e por ser capaces de pasar un rato sentados e pensando (uns máis ca outros). Hai que ter en conta tamén que as idades son diferentes e os niveis tamén. O MÁIS IMPORTANTE é que todos estiveramos unha mañá xuntos disfrutando con ese DEPORTE "RARO" que é o XADREZ.

Os resultados foron os seguintes:

1º Clasificado: Pedro Marcos Otero

2º Clasificado: Víctor Fariña Roo

3º Clasificado: Aldán Rodríguez Mallo

4º Clasificado: David Alonso Negreira

Mellor alumna clasificada: Alma Fernández Barros

Mellor clasificado de 5º de EP: Luis Sanjurjo Portero

Mellor clasificado de 6º de EP: Diego Rivadulla Hermida

Mellor clasificado de 1º de ESO: Marcos Diéguez Barral

Mellor clasificado de 2º de ESO: David Alonso Negreira

Mellor clasificado de 3º de ESO: Miguel Salorio Campi

Mellor clasificado de 4º de ESO: Pedro Marcos Otero

No blogue hai un enlace coa clasificación final do torneo. As fotos tamén están subidas ao blogue Bitácora Cruz do Sar.

5. SEMANA DO XADREZ:

Coincidindo coa celebración o día 20 de marzo do noso III Torneo de Xadrez no CPI Cruz do Sar durante toda a semana do 17 ao 21 de marzo tivemos no pavillón todos os xogos de xadrez colocados e esa semana as clases de Educación Física da ESO adicaronse ao xadrez.

6. TORNEO DE FÚTBOL

Os días 20 e 21 de decembro celebrouse unha nova edición do Torneo de fútbol-sala entre clases organizado polo alumnado de 4º de ESO e que tamén lles serve para recaudar fondos para a súa excursión de fin de curso. Nas gradas houbo unha enorme festa animando aos seus respectivos equipos.

Os resultados foron os seguintes:

Mércores 20 de decembro

10:30-11:00	TILINES CALVOS – FC PANITAS	(0-2)
11:00-11:30	LA IUPAC – DANONE´S	(1-2)
11:30-12:00	RAYO FUENTEALBILLA – PROF@S	(2-1)

12:00-12:30 OS XURELOS – LA OLA (0-3)

Xoves 21 de decembro

09:45-10:15 FC PANITAS – MEUS XOIÑOS (0-6)

10:15-10:45 OS AMIGUS – DANONE´S (1-3)

10:45-11:15 R. FUENTEALBILLA – GARY´S FC (2-1)

11:15-11:45 BRONX FC – LA OLA (0-3)

SEMIFINAIS

11:45-12:15 MEUS XOIÑOS – DANONE´S (1-3)

12:15-12:45 R. FUENTEALBILLA – LA OLA (0-2)

FINAL

13:00-13:30 DANONE´S – LA OLA (1-3)

No blogue tamén hai un enlace con estes resultados do torneo e as fotos dos equipos participantes e algunha máis tamén están subidas ao blogue Bitácora Cruz do Sar.

7. CAMIÑO DE SANTIAGO

O luns 29 e o martes 30 de abril 27 alumnos de 4º de ESO continuaron a nosa peregrinación hacia Santiago de Compostela realizando as seguintes dúas etapas do Camiño Francés en Galicia: Sarria-Portomarín e Portomarín-Palas. Especialmente esta última etapa, de case 25 Km, causou bastantes estragos nas nosas tropas pouco afeitadas a camiñar.

Malia todos os problemas, dores musculares e ampoias nos pés, e desafiando tamén á choiva do último día e aos demais elementos unidos contra eles conseguiron o reto de chegar sans e salvos de volta a Bergondo.

Espero que, de todos xeitos e a pesar de todo, a experiencia fose gratificante para a maioría.

O Camiño é unha experiencia de introspección e superación personal pero tamén de relación e comunicación cos demais e co entorno. Espero que algún día poidan repetir a experiencia facendo a totalidade deste ou de calqueira outro Camiño.

Grazas a todos pola participación, comportamento e sobre todo polo esforzo. Agradecer sobre todo a Fernando a súa colaboración, axuda e compañía durante estes dous días. BO CAMIÑO!

8. ACTIVIDADE SURF

O mércores 15 de maio realizamos a actividade de surf cos grupos de 1º de ESO. Este ano combinamos a actividade de surf coa de skate pasando en Bastiagueiro toda a mañá, esto debeuse a que eramos máis de 25 personas.

Realizaron a actividade un total de 31 alumn@s de 1º de ESO. O prezo total da actividade foi de 25 € (Skate – 10€ / Surf 15€). Cada actividade durou aproximadamente 2 horas. Esta actividade realizouse o mércores día 15 de maio co seguinte horario:

09:30 Saída do centro CPI Cruz do Sar
10:00 a 12:00 Grupo 1 – SURF // Grupo 2 – SKATE
12:00 a 14:00 Grupo 1 – SKATE // Grupo 2 – SURF
14:15 Regreso ao centro CPI Cruz do Sar

14:45

Chegada ao centro

A actividade inclúe o transporte en autocar ata a praia de Bastiagueiro e a realización da actividade en sí. Irán acompañados de profesores do centro e a actividade estará supervisada por monitores especializados en surf da empresa Pradosurf. Os rapaces deberán levar unha mochila coas súas cousas: bañador, toalla, chanclas e protector solar. É preciso saber nadar.

Ter en conta a opción de dous días para o vindeiro curso, un día non chega a nada. Contemplan tamén a posibilidade de iniciala en Primaria.

9. SEMANA DA ESCALADA E DA ORIENTACIÓN: Este curso non se realizaron a semana da escalada nin a semana da orientación.

10. ACAMPADA 2º ESO:

Realizouse os días 21 e 22 de xuño (venres e sábado) no cámping de Queixeiro en Monfero e asistiron 27 alumnos de 2º de ESO. O prezo foi de 45 euros. O prezo da actividade incluía: Ruta de piragüismo no encoro do Eume, ruta de sendeirismo no parque natural das Fragas do Eume, comidas e estancia no cámping Fragadeume, transporte en bus ó cámping e ás actividades.

A actividade levouse a cabo de xeito satisfactorio, o alumnado portouse moi ben.

MEMORIA ACAMPADA:

CLIMATOLOXÍA: O venres o tempo aguantou para montar as tendas, houbo rapaces e rapazas que incluso se bañaron na piscina. Pola tarde na ruta en kaiak abriu un pouquiño o sol. O sábado á noite empezou a chover forte e non parou ata comezar a ruta, despois estivo nubrado pero con boa temperatura.

RUTA EN KAIK: ben coma sempre, subimos polo afluente do Eume, o Frai Bermuz. O encoro estaba espectacular e poidemos subir case ata arriba de todo (ata onde están as pedras). O alumnado moi ben, aguantou estoicamente a ruta sen desánimo. Tivemos de monitores a Abel e a Kevin. Juan e Rocío recibíronos con moito agarimo, coma sempre.

RUTA DE SENDEIRISMO: Onde comeza o GR seguimos uns 20 m máis adiante para baixar pegados ás torres de alta tensión para evitar o primeiro tramo que estaba cheo de ramaxe. Sen incidencias salientables. Descanso de 10' no Parrote, na ponte de Santa Ana e na ponte colgante de Cal Grande. Recolleunos o bus na Alameda, a Alameda baixando está 1 Km antes ca o centro de interpretación. O grupo moi ben, algunha queixa pero poucas.

CÁMPING: Coma sempre, vello pero acolledor, collimos un bungalow de catro prazas pois estaban moitos ocupados por unha familia. de sempre e as tendas montaronse pegadas á beira da estrada. Piscina preparada. Juan Carlos e familia ben en canto a amabilidade pero seguen parados en canto a servizo: deberían mercar servilletas para poñer nas mesas, ter mesas e sillas suficientes que non sexan das da terraza, poñer un paquete de galletas por mesa...

COMIDA: Este ano moito mellor, a elección do menú fíxemola nós. Tiñamos un primeiro, un segundo e un postre.

11. RAFTING

A actividade de rafting realizouse o día 27 de xuño para o alumnado de 3º de ESO. A saída foi ás 09:00 horas dende o Concello de Bergondo e á volta chegamos a Bergondo sobre as 20:00. Realizamos o rafting pola mañá no entorno do río Ulla preto de Padrón, despois xantamos na área recreativa de A Barosa, preto de Caldas e pola tarde fixemos un paintball no Paintball Campodolobo. O prezo final foi de 48 euros, e os profesores acompañantes: Juan Luis Allegue Iglesias e Fernando Pazos.

A actividade desenrolouse de forma satisfactoria e do xeito que estaba programada. Para máis información consultar a ficha de actividade.

12. Todas as saídas realizadas deste curso teñen unha ficha de actividade con todos os datos e incidencias. A maioría conta tamén con imaxes que se poden atopar no blogue Bitácora Cruz do Sar de EF.

13. FEIRA DA CIENCIA

O día 16 de maio celebrouse no CPI Cruz do Sar a II Feira da Ciencia adicada este ano á figura de Xoán Vicente Viqueira. Foi todo un éxito.

14. ACAMPADA 6º EP

O alumnado de 6º de EP participou nunha acampada dunha noite no pavillón do centro acompañados por profesorado do CPI, foi unha experiencia enriquecedora para tod@s.

H) Principais conclusións.

O máis relevante deste curso foi ter dous profesores impartindo a materia de EF na ESO por ser nombrado o profesor titular xefe de estudos de Secundaria. Enrique Vázquez impartía as clases de 1º de ESO e 2º ESO A e Juan Luis Allegue as de 2º de ESO B, 3º e 4º de ESO.

Kike é profesor de Educación Plástica e Visual, a praza pediuse co perfil de profesor de EF. Kike realizou un traballo notable e impecable. De todos xeitos consideramos que esta praza debería cubrirse con especialistas da materia.

O segundo máis salientable foi a implantación en todos os cursos da ESO da LOMLOE, coas súas programacións en PROENS, o seu seguimento durante o curso e a presentación da memoria tamén nesta plataforma.

A materia de Educación Física desenrolouse aproximadamente do xeito que estaba programada, cumpríndose os obxectivos. O alumnado de ESO amosou en liñas xerais capacidade de traballo e interés, e foi participativo e aberto a todas as propostas feitas dende o departamento de Educación Física. A hora de libre configuración en 1º de ESO do curso pasado foi cedida ao departamento de Bioloxía tamén polo motivo da xefatura de estudos.

Destacar tamén que a ratio elevada de alumnado por clase **VOLVEU REPERCUTIR NEGATIVAMENTE** nunha menor atención ao alumnado con NEE e no aumento das conductas disruptivas.

Durante o curso seguimos actualizando o blogue BITÁCORA CRUZ DO SAR EF onde fomos poñendo novas sobre a nosa materia e subindo fotos das actividades. Este curso chegamos en xuño ás 20.000 visitas unha cifra nada desprezable para un centro tan pequeno e que case duplican as visitas do curso anterior.

EVOLUCIÓN DAS ENTRADAS do blogue Bitácora Cruz do Sar EF

CURSO 21-22: 3.366 visitas (pasamos de 6.580 a 9.946)

CURSO 22-23: 5.149 visitas (pasamos de 9.946 a 15.095)

CURSO 23-24: 5.633 visitas (pasamos de 15.095 a 20.728)

Debemos seguir mellorando as instalacións, loitamos diariamente co noso alumnado para que aprenda a coidar e a manter o que ten aínda que non sempre o noso labor sexa recompensada, tentaremos seguir neste camiño. As melloras agora deben ir encamiñadas á busca de espazos para non ter que compartir con outros cursos... Agradecer á ANPA a súa colaboración en moitas actividades o centro e ao CONCELLO que cubra os gastos de transporte nas actividades extraescolares.

Destacar que o 29 de xuño inaugurouse o complexo deportivo da Senra, un área deportiva e de ocio que conta cunha pista de atletismo de 160m e cinco rúas, unha área de calistenia e unha pequena pista polideportiva de céspede artificial. Estas obras empezaron a principio de curso e rematan agora. A zona só poderá ser utilizada con bo tempo.

A actualización do inventario do departamento levouse a cabo con data de 02 de febreiro de 2004 polo que non realizamos a súa actualización a final de curso. Os datos están introducidos no blogue Bitácora Atios, nas distintas seccións da aula virtual e tamén na páxina web no apartado do departamento de EF. Quedan os 1500 € da proposta de compra para setembro para material funxible. A xestión de gastos do ano 2023 está actualizada.

Felicitar a todo o claustro de profesorado do centro, eses soldados anónimos que seguen a traballar por un ensino de CALIDADE a pesar das reducións de soldo, das persecucións lingüísticas, das folgas fantasmas, dos medios mediocres; especialmente darlle pulos a aqueles que traballan nos seus respectivos EQUIPOS facendo un traballo que realmente ninguén desexa e tamén a todos os titores que todos os cursos teñen un traballo extra para coordinar a alumnado e a profesorado SEN NENGÚN TIPO DE COMPENSACIÓN.

Esperemos por outra banda, seguir a contar con ese material humano co que traballamos e que fai que a nosa profesión sexa á vez tan cautivadora coma deprimente: o alumnado.